



Plan de Igualdade

Curso 2019/20

IES MONTE DAS MOAS

Índice

1. INTRODUCCIÓN	2
1.2 Marco legal.....	2
2. DIAGNÓSTICO DO CENTRO	3
3. OBXECTIVOS	4
3.1 OBXECTIVOS XERAIS.....	4
3.2 OBXECTIVOS CON PAIS E NAIS	4
3.3 OBXECTIVOS CO PROFESORADO	4
4. ORIENTACIÓN METODOLÓXICAS	4
5. ACTUACIÓN	5
5.1. No Plan de Centro	5
5.2.Para a sensibilización	6
ACTUACIÓN de VISIBILIZACIÓN E SENSIBILIZACIÓN.....	6
ACTUACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN.....	7
CALENDARIO DE ACTUACIÓN.....	8
COLABORACIÓN CON OUTRAS ORGANIZACIÓN	12
RECURSOS	12
6. AVALIACIÓN.....	13

1. INTRODUCCIÓN

Vivimos nunha sociedade na que cada vez se fala máis de igualdade mais aínda queda un gran traballo por facer para conseguir a paridade que se pretende xa que o peso das tradicións e estereotipos sexistas sobre o papel da muller segue persistindo no núcleo de moitas familias. Debemos pois, romper os estereotipos sexistas arraigados na nosa sociedade, tanto para homes como para mulleres. De aí a importancia que ten que desde a escola intentemos facer un esforzo por redefinir os papeis sociais de homes e mulleres no marco das relacións entre iguais tal como queda establecido co obxectivo de garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de diversidade afectivo-sexual e identidade sexual na Lei 2/2014, que inclúe a mención expresa á eliminación de calquera indicio de discriminación que poidamos apreciar no sistema educativo, entre outras, por razóns de identidade de xénero.

Así pois temos como **obxectivos prioritarios** dar a coñecer o noso plan de Igualdade a todos os membros da comunidade educativa, fomentar a participación activa entre todos os compoñentes para estender as novas ideas desde o noso centro pasando polo ámbito familia e transcender ata as institucións locais.

1.2 Marco legal

- Constitución española de 1978.
- Declaración universal sobre dereitos humanos, Declaración dos dereitos da infancia e Convención sobre os dereitos da infancia.
- Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia. ▶ Directiva 200/78/CE do Consello, do 27 de novembro de 2000.
- Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.
- Lei 3/2007, do 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas.
- Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.
- Principios de Yogyakarta.
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Lei orgánica 2/2006, do 3 maio, de educación coas modificacións previstas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- ▶ Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.

- Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.

2. DIAGNÓSTICO DO CENTRO

- Composición do alumnado por curso:

No noso centro hai matriculados **510** alumnos, **223** alumnos e **287** alumnas. Para a división do alumnado por grupos se ha ter en conta, dentro da medida do posible, todos os criterios pedagóxicos relativos á paridade de xénero.

Así como podemos ver nesta táboa contamos coa seguinte distribución:

	1º ESO	2º ESO	3º ESO	4º ESO	1º BAC	2º BAC
NENOS	66	56	46	54	36	29
NENAS	50	48	49	32	20	24

Nos cursos baixos da ESO realízase un estudo pormenorizado tendo en conta os informes dos equipos de orientación de onde provén o noso alumnado para facer unha selección e acomodar á rapazada segundo criterios estritamente pedagóxicos e igualitarios, a medida que avanza os cursos a paridade desaparece por mor da división dos cursos por materias optativas.

En canto á composición da nosa comunidade educativa, amosamos a distribución por sexos:

- Composición do equipo directivo: **dous** homes e **dúas** mulleres
- Composición do profesorado: 31 mulleres e 18 homes
- Composición doutros órganos de representación e participación: CCP – 6 homes e 2 mulleres.
- Composición do persoal de administración e servizos: 1 home e 5 mulleres
- Composición das asociacións de pais e nais: Xunta directiva máis vogais- 8 mulleres e un home.
- Composición do consello escolar: 8 homes e 11 mulleres.

Como ben sabemos todos, e como podemos apreciar nestes datos, o ensino está dominado por mulleres na meirande parte mais neste centro prevalece a paridade na medida do posible nos órganos de control. Cando hai un número tan excesivo que inclina a balanza , pouco se pode facer, pero intentamos sempre conseguir a maios equidade.

3. OBXECTIVOS

3.1 OBXECTIVOS XERAIS

1. Analizar cos alumnos/as como se constrúe a identidade xenérica masculina e feminina.
2. Cuestionar os valores limitadores dos modelos de xénero tradicionais e as consecuencias que reporta asumilos.
3. Propoñer recursos que permitan aos alumnos/as valores alternativos aos tradicionais.
4. Crear un espazo grupal no que se flexibilice os roles de xénero tradicionais e tanto os alumnos como as alumnas poidan ensaiar actitudes e comportamentos diferentes aos que se asignan socialmente.
5. Priorizar actitudes de empatía, descartando actitudes de competencia e rivalidade.
6. Aprender a coñecer e expresar sentimentos para promover relacións de confianza, cooperación e apoio mutuo entre alumnos e alumnas.
7. Facilitar estratexias que posibiliten a participación activa nos diferentes ámbitos das súas vidas.
8. Cambiar a interacción entre mozos e chico e impulsar o uso dos espazos de forma igualitaria e diversa sen estereotipos asociados.

3.2 OBXECTIVOS CON PAIS E NAIS

1. Sensibilizar sobre o papel que xogan os pais e nais na socialización dos seus fillos e fillas e sobre a problemática en torno á igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.
2. Conseguir a colaboración das familias co centro para unha educación en equidade.

3.3 OBXECTIVOS CO PROFESORADO

1. Formación para identificar as causas socioculturais da desigualdade entre homes e mulleres e os seus mecanismos de permanencia.
2. Analizar o sistema educativo para detectar estereotipos de xénero, os factores de discriminación e as condicións creadoras de desigualdade.
3. Observar e analizar os valores transmitidos ao alumnado e revisar a realidade do centro, no que se traballa desde unha perspectiva coeducativa.
4. Levar a cabo un Plan de Igualdade e ir elaborando un banco de recursos que estea a disposición da comunidade educativa co fin de integrar este valor no proceso educativo.

4. ORIENTACIÓNS METODOLÓXICAS

O Plan de Igualdade do noso centro baséase nos seguintes principios:

- Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.
- Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.
- Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística,...).
- Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva.
- Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.
- Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.

5. ACTUACIÓNS

Os principios das actuacións que xa se levan a cabo dende os equipos de mediación son a **transversalidades, a visibilidade e a inclusión**.

Procuramos actuar nos principais e diferentes ámbitos e axentes relacionados co labor de ensino aprendizaxe: alumnado, familias, comunidade educativa e contorna institucional.

A canle de comunicación fluída e continua, aproveitada para este fin, será a celebración de datas e efemérides relevantes.

Procuramos en todas as actividades e actuacións dar un enfoque coeducativo á vez que interdisciplinar.

Trataremos de implicar a toda a Comunidade Educativa e ata implicando ás institucións locais, aínda que incidiremos especialmente nos seguintes ámbitos:

5.1. No Plan de Centro

Actuacións concretas para integrar a perspectiva de xénero no Plan de Centro de acordo cos obxectivos establecidos:

1) No proxecto educativo:

- Na utilización dunha linguaxe non sexista e incluso na documentación do centro, recursos e materiais didácticos, cartelería do centro, páxina web, blogs da biblioteca e do club de lectura, comunicación coas familias, etc.
- Nas programacións didácticas e nas propostas pedagóxicas.
- No Plan de Convivencia.
- No Plan de Orientación e Acción Titorial.
- No Plan de Formación do Profesorado.
- Nos criterios para establecer os agrupamentos do alumnado.
- Nas actividades complementarias e extraescolares que se programen.
- No Informe de autoevaluación do centro.

2) No Regulamento de Organización e Funcionamento do centro, polo menos nos seguintes aspectos:

- Na organización dos tempos, espazos, instalacións e recursos materiais do centro.
- Na paridade nas canles de decisión, responsabilidade e participación dos distintos sectores da comunidade educativa.
- No reparto de roles e responsabilidades entre o alumnado.

5.2. Para a sensibilización

- Actas, circulares internas, comunicacións ás familias, ao alumnado .
- Imaxes, signos, símbolos estereotipados de varóns e mulleres.
- Documentos públicos do Centro.
- Exposicións e explicacións na clase.
- Conversacións informais.
- Engadirase contido na web do Centro.
- Nas diferentes reunións de claustro e Equipos Educativos.
- Proxectos comúns. Exposicións.
- Exposicións, películas e información interesante dentro da perspectiva de xénero.
- Actividades de conmemoración das diferentes datas.

A continuación concrépanse actuacións que se levarán a cabo durante o curso. Engadiranse á memoria de final, as que aquí non se especificaron aínda, porque non estivesen de todo concretadas ou porque xurdan durante o curso escolar.

ACTUACIÓNS de VISIBILIZACIÓN E SENSIBILIZACIÓN

A. COMUNICACIÓN cos centros e organismos relevantes no tema de coeducación: Instituto da Muller, Asociacións LGTBI, Asociacións de Menores Trans, etc

B. CARTELERÍA DO CENTRO:

- 25 de novembro 2018, **día internacional contra a violencia de xénero.**
- 30 de xaneiro 2019, **Día escolar da paz e a non violencia.**

- 11 de febreiro 2019 **Día internacional da muller e a nena na ciencia.**
- 14 de febreiro, **Día dos namorados**
- 8 de marzo 2019, **Día internacional da muller.**
- 27 abril de 2018, **Día internacional do libro.**
- 17 de maio **Día das letras galegas.**
- **Calquera tipo de exposición** que xurda no contexto educativo.

C. TABOLEIRO DE COEDUCACIÓN:

- Nun dos ordenadores da sala de profesores colocaremos os recursos clasificados por niveis e informarase diso a través do correo electrónico.
- Reservarase un dos taboleiros do centro para a difusión de contidos , proxectos e novas.
- Crearemos un espazo web dentro da páxina do centro para colgar materiais e recursos.

D. SESIÓNS INFORMATIVAS PARA O CLAUSTRO:

- Coordinación e presentación con todos os/as titores/as do IES Monte das Moas en reunións.
- Presentaranse os recursos e as actividades dispoñibles en canto sexa posible.
- Infórmase ao Claustro da Convocatoria de Proxectos de Investigación e Innovación Educativa e de elaboración de Materiais Curriculares, por medio do correo.
- Invitarase ao claustro a participar nos cursos de formación relacionados coa Coeducación.

E. PRESENTACIÓN AO CLAUSTRO E AO CONSELLO ESCOLAR DAS ACTUACIÓNS PARA O PROXECTO EDUCATIVO E DO INFORME ANUAL.

- Presentación do Plan de Igualdade ante o Claustro e o Consello Escolar.
- Entre as competencias dos consellos escolares prevese que estes propoñan medidas que favorezan esta igualdade. Para iso, unha vez constituído o Consello escolar, este **designará unha persoa** que impulse as medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres.
- Infórmase dos Proxectos de coeducación para as ANPA, dada a importancia da colaboración entre familia e escola para propiciar unha educación en igualdade, libre de estereotipos sexistas.

ACTUACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

Desde o departamento de orientación inclúese a perspectiva de xénero e igualdade en todas as actuacións que este desenvolve:

Plan de atención á diversidade:

- Deberá integrar a perspectiva de xénero nos recursos utilizados polo alumnado, coidando que os libros de texto e materiais didácticos usen unha linguaxe inclusiva, non sexista e libre de estereotipos.

-Equidade e igualdade nas medidas de atención á diversidade establecidas: na organización dos grupos-clase, desdobres, grupos de reforzos...procurando criterios de paridade entre homes e mulleres no posible.

Plan de acción tutorial:

-Incluir no Plan de Orientación e Acción Tutorial obradoiros e actividades para a formación e sensibilización en igualdade, educación afectivo-sexual, socialización diferenciada...en colaboración con entidades e asociacións sen ánimo de lucro.

Plan de orientación vocacional e profesional:

-Garantir unha información vocacional e profesional libre de prexuízos sexistas e de estereotipos.

-Favorecer a participación do alumnado naquelas actividades orientadas a lograr a plena inclusión (de homes e mulleres) en ámbitos e profesións tradicionalmente condicionados por prexuízos de xénero.

Convivencia escolar:

-Desenvolver actividades específicas individuais (programas de habilidades sociais, autoconñecemento, control das emocións...) para educar ante actitudes discriminatorias e/ou sexistas e as consecuencias desas condutas, e implementar dinámicas grupais dentro das metodoloxías de traballo nas aulas para o traballo en valores: igualdade, respecto e corresponsabilidade.

Formación do profesorado:

-Favorecer a formación do profesorado en temas de igualdade, facilitando información e recursos.

Familias:

-Favorecer a colaboración, implicación e formación das familias con actividades sobre igualdade a través das escolas de pais/nais.

-Uso dunha linguaxe inclusiva e non sexista nos documentos , páxina web, e comunicacións coas familias.

Para desenvolver este traballo será fundamental a apertura ao entorno e a colaboración con asociacións e entidades, centros CIM, servicios sociais, Universidades...e cos centros adscritos para establecer liñas coordinadas de actuacións.

CALENDARIO DE ACTUACIÓNS

Programas educativos de **Educación para a Igualdade** desenvolvidos coa colaboración do Concello da Coruña. Estes programas están TODOS orientados a fomentar a igualdade e a loitar contra todo tipo de fobias que se puideran presentar entre alumnado. Como se pode comprobar, abrangue todo o ensino secundario:

- **Nin máis nin menos, só diferentes (3º TRIMESTRE)**

Neste taller de catro sesións dirixido ao alumnado de **1º ESO** abórdase a socialización sobre as diversidades existentes. É un taller especialmente interesante para o noso centro, onde escolarizamos alumnado procedente de diferentes países e culturas, o que permite ter unha ampla perspectiva das cuestións culturais relacionadas coa igualdade de xénero.

- **Libres de etiquetas (socialización diferenciada): (2º TRIMESTRE)**

Taller dirixido ao alumnado de **2º ESO**, trata de favorecer que as mozas e os mozos poidan desenvolverse e relacionarse libres de prexuízos, estereotipos de xénero, presións sociais e mediáticas vinculadas co xénero que dificultan unhas relacións interpersoais entre ambos os sexos saudables e en igualdade.

Os contidos que se abordan son :

"Etiquetadas e etiquetaxes" (etiquetas de xénero)

Os estereotipos e roles de xénero

A socialización diferencial de xénero: axentes socializadores. Especial consideración do grupo de iguais e do papel das redes sociais

Construción mediática da identidade

Publicidade sexista

Música, cinema e series de televisión con contidos sexistas

Redes sociais e identidade

- **TALLERES de saúde afectivo-emocional e sexual (3º TRIMESTRE)**

Programa educativo para **4º ESO** composto por talleres sobre Saúde Afectivo-Emocional e Sexual desde unha perspectiva de xénero nos que se traballa e reflexiona sobre as diferenzas de valores emocionais, afectivos e sexuais que nos transmiten segundo sexamos mulleres ou homes e as repercusións que estas diferenzas teñen nas nosas vidas. Trátase de ofrecer ferramentas educativas para promover unha sexualidade igualitaria, libre, sa e pracenteira.

Obxectivos:

Crear un espazo onde poder falar con liberdade, nun clima de confianza e desde a igualdade de xénero, arredor do tema das emocións, afectividade e sexualidade.

Facilitar a revisión e o cuestionamento de mitos e conceptos falsos relacionados coa expresión de emocións e sentimentos.

Previr condutas sexistas traballando a corresponsabilidade.

Incidir sobre temas vinculados aos dereitos sexuais e reprodutivos.

Cuestionar determinadas actitudes sexuais e afectivas (como poden ser as homófobas ou sexistas), potenciando a aceptación e o respecto como base para unhas relacións positivas entre as persoas desde a igualdade de xénero.

Dotar de recursos e orientar para unha correcta toma de decisións e para a asunción das responsabilidades en relación coa propia persoa e cara ás demais.

Favorecer a prevención de condutas de risco.

Aprender a xestionar os conflitos entre desexos, valores, normas sociais e culturais.

Proporcionar unha relación de recursos e servizos de interese para a mocidade en relación aos temas afectivo-sexuais.

Contidos:

Articúlanse arredor de diferentes eixes, tendo sempre como punto de partida, tanto os intereses de cada grupo, como os dereitos da persoa e as súas responsabilidades. Abórdanse as consecuencias que ten unha educación afectiva que se fai de modo diferente segundo se dirixa aos mozos ou ás mozas e que perpetúa no conxunto da sociedade diferentes expectativas segundo o xénero.

- **Somos dous, eu tamén conto (relacións sas de parella) (3º TRIMESTRE)**

Este taller dirixido a alumnado de 3º ESO, trata de contribuír a que o alumnado tome conciencia e desenvolva unha actitude analítica e crítica fronte á discriminación por razón de xénero e fronte á violencia de xénero.

Obxectivos:

Facilitar ao alumnado a identificación das situacións nas que se produce **discriminación por razón de xénero e situacións de violencia de xénero**.

Traballar estratexias que potencien actitudes críticas de análises e críticas fronte ás desigualdades e a violencia de xénero, favorecendo o desenvolvemento de habilidades de comunicación necesarias para unha resolución de conflitos non violenta: escoita activa, expresión de sentimentos e emocións, empatía, asertividade.

Incidir sobre as actitudes e condutas positivas do alumnado nas que se constate a existencia dunhas relacións afectivo-emocionais saudables nunha relación de parella ou noivado e a erradicación de mitos e estereotipos prexudiciais nas mencionadas relacións.

Contidos:

"O amor non é cego" (O amor romántico)

Os mitos do amor romántico

Relacións afectivo-emocionais saudables

Formas de evidenciar situacións saudables e non saudables nas relacións de parella

"O bo trato fronte ao mal trato e a educación emocional"

A discriminación e a violencia de xénero

A violencia de xénero, unha problemática social

A educación emocional e a construción de relacións interpersoais e de parella positivas

2-Formación sobre uso seguro de internet

No campo da formación en igualdade, non podemos esquecer o uso que os adolescentes fan hoxe en día das redes sociais e a influencia que este uso ten na formación da identidade persoal e os estereotipos que se transmiten a través da música, publicidade e imaxes que consumen diariamente. Hai que ten en conta tamén outros problemas que o uso indebido das redes sociais pode ocasionar: o sexting, o excesivo control da parella a través do móbil, o fomento de condutas non adecuadas relacionadas coa imaxe corporal, estereotipos físicos e alimentación...Por todo isto, consideramos que a formación preventiva para un uso seguro de internet é fundamental para a prevención e formación no ámbito da igualdade, eliminación de estereotipos sexistas e violencia de xénero. As actividades neste ámbito baséanse na análise crítica de contidos audiovisuais mostrados nas redes sociais tanto pola importancia que teñen na construción da súa identidade persoal e social como polo modelo de relacións de parella que fomentan.

- **“A rede e as súas redes” (2º TRIMESTRE)**

Obradoiro dirixido ao alumnado de **1º ESO** de tres sesións de duración nos que se busca promover a toma de conciencia sobre os riscos asociados ao uso de internet, facilitando habilidades para moverse neste novo hábitat.

Entre outros contidos, sobre privacidade e responsabilidade en internet, abórdase o tema da identidade e imaxe en redes sociais, mediante unha metodoloxía de traballo baseado no uso de medios audiovisuais e actividades TIC.

- **Plan Director (1º TRIMESTRE)**

Solicitamos a través deste Plan da Garda Civil charlas formativas para o alumnado de **2º ESO** sobre o acoso escolar, para previr situacións de acoso vinculadas a condutas discriminatorias, homófobas ou baseadas en estereotipos ou prexuízos de xénero. Nestas charlas tamén se informa ao alumnado dos recursos dos que dispoñen para afrontar e resolver estes conflitos.

- **Na BIBLIOTECA**

Todas as actuacións organizadas pola biblioteca están orientadas a favorecer a inclusión e a coeducación.

1. OUTUBRO: Formación de usuarios na biblioteca e formación de voluntariado para mellorar a funcionalidade da sala. Elaboración de cartaces e actividades deseñadas para o conxunto do alumnado.
2. NOVIEMBRE: Actuacións participativas para concienciar sobre a Violencia de xénero.
3. NOVIEMBRE: Mes da Ciencia en Galego: Actividades de homenaxe a mulleres científicas locais.
4. DICIEMBRE: Campañas de lecturas para o período de lecer no que se inclúen títulos salientables en coeducación.

5. XANEIRO: Día da Paz. Actuacións combinadas co profesorado que imparte a materia de valores para axudar a concienciación sobre todas as violencias: machistas, homoóforas, etc
6. FEBREIRO: Aproveitando a campaña do Día de San Valentín, traballamos os afectos.
7. FEBREIRO: Campañas elaboradas xunto cos departamentos de ciencias para visibilizar a muller e a nena na ciencia.
8. MARZO: Día da muller. Composición dunha serie de cartaces para visibilizar mulleres de calquera ámbito (científico, artístico, ...) e traballar sobre eles
9. ABRI: Mes do Libro, múltiples actividades: Teatro, Traballar os micromachismos e a linguaxe sexista nos textos literarios.
10. MAIO: Día das letras galegas. Haikus, poemas, lecturas da obra de Rosalía de Castro, etc

- **Outras materias:**

Na materia de Galego e en especial, no espazo de Normalización Lingüística, tense especial coidado en traballar estes temas anteriormente mencionados con carácter transversal.

Nas materias de Lingua Española, Inglés e Francés tamén se traballa a linguaxe non sexista e a lectura crítica de textos en todos os ámbitos.

COLABORACIÓN CON OUTRAS ORGANIZACIÓNS

Colaboración activa con asociacións da contorna como a Biblioteca Municipal do barrio, a asociación de veciños, a Asociación Vecinal PICUS, contra a violencia de xénero, etc

RECURSOS

- Elaboración de unidades didácticas de carácter coeducativo.
- Traballar documentais ou películas de corte social.
- Inclusión de temas transversais nas programacións didácticas dos departamentos.
- Entidades colaboradoras: AGALURE, ADAFAD, ACLAD, Fundación Amigó, Garda Civil (Plan Director), CIM e Servicios Sociais do Concello da Coruña, Escola Intercultural. CEFORE. Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Vigo.
- Páxinas web (guías, material audiovisual...). Entre outras:
- Fundación Mujeres <http://www.fundacionmujeres.es/>
- Accem
- <http://www.oldaccem.accem.es/es/monograficos/igualdad-de-trato-y-no-discriminacion/audiovisuais>.
- FAD www.fad.es
- <https://cineyvalores.campusfad.org/>
- Páxina da Consellería de Educación: www.edu.xunta.gal/portal/igualdade
- Biblioteca escolar

Todos estes recursos estarán ao dispor da comunidade educativa na páxina web do centro máis no blog da biblioteca.

DVDs

Temos unha nos desprezable colección de películas en DVD ao servizo de toda a comunidade escolar entre as que se encontran títulos como : *Pequena Ms Sunshine*, *Quiero ser como Beckham*, *Billy Elliot* e outras que se poden consultar no blog da biblioteca, no apartado de [CINE en MOAS](#).

6. AVALIACIÓN

Para asegurar o éxito do Plan é necesario facer un seguimento do mesmo ao longo do curso e ademais poñeranse en marcha estratexias de avaliación que dean resposta ao grado de consecución dos obxectivos propostos, a idoneidade das actuacións programadas e dos recursos utilizados, a eficacia dos mecanismos de difusión, coordinación e organización interna, resultado de participación de alumnado e profesorado nas actividades propostas, etc. A avaliación do Plan de Igualdade poderá levarse a cabo por parte da Comisión de Convivencia do Consello Escolar ou o Observatorio de Igualdade, de telo, con as achegas de todas e todos os membros de a Comunidade Educativa.

Elaboraranse **cuestionarios** a cumprimentar por cada sector de a Comunidade Educativa.

Coa avaliación preténdese determinar o grado de consecución dos obxectivos xerais establecidos:

- . Integrar o principio de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres na nosa práctica docente a través de a realización de actividades.
- . Educar en Igualdade afastándonos de estereotipos, prexuizos e discriminacións por razón de sexo ou orientación sexual.
- . Fomentar a reflexión sobre o papel de a muller e o home nunha contorna igualitaria.
- . Garantir a igualdade de oportunidades no ámbito escolar.
- . Fomentar a representación equilibrada de nenas e nenos nas aulas.
- . Velar para que o noso centro educativo transmita unha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada de mulleres e homes.
- . Fomentar a corresponsabilidade.